



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

OFICIO.

Primeiro.- O concello de Lousame conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado o 17 de xaneiro de 2005.

Segundo.- O concello de Lousame quere tramitar unha modificación puntual do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), a Número 1.

Terceiro.- Dispón o artigo 46.2.a) da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada os seguintes instrumentos de planeamento urbanístico as modificacións menores dos instrumentos de planeamento mencionados no punto 46.1.

Pola súa banda o artigo 60 da mencionada Lei sinala que o concello promotor trasladará a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica, un borrador do plan co contido necesario para a súa análise urbanística e o documento inicial estratéxico ao órgano ambiental, o cal comprobará, no prazo máximo dun mes, que aqueles inclúen os documentos exixibles e solicitará, na súa falta, que se acheguen os documentos preceptivos.

Polo que de acordo co exposto anteriormente, axuntase ao presente oficio, dous exemplares en formato impreso e dixital do documento: "Modificación Puntual Número 1 do PXOM: Modificación de varias cuestións normativas" e solicita a tramitación de acordo co indicado na normativa urbanística de aplicación.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa.

M^a Teresa Villaverde Pais.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Servizo de Avaliación Ambiental de plans e programas.

avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Teléfono: 981 957 672 / 981 541 733

Fax: 981 541 048

San Lázaro s/n.

15781

Santiago de Compostela

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Número de registro salida/Número de rexistro saída: 201990000000103
Fecha y hora/Data e hora: 06-nov-2019 16:21:52
Oficina/Oficina: 000012714-Registro General del Ayuntamiento de Lousame

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF: P1504300C
CONCELLO DE LOUSAME
Código postal/ 15214
Código postal:
País/País: España
Teléfono/
Teléfono:
Dirección/ PRAZA DE TEODOMIRO HIDALGO,1 PORTO BRAVO
Enderezo:
Municipio/ Lousame
Concello:
Provincia/ A Coruña
Provincia:
Canal Notif./ Dirección postal
Canle Notif.:

Correo electrónico/Enderezo electrónico:

Información del registro/Información do rexistro

Asunto/ 34-REMISIÓN DOCUMENTACIÓN
Asunto:
Resumen/ REMISION OFICIO E DOUS EXEMPLARES MODIFICACION DE VARIAS CUESTIONS NORMATIVAS PARA SOLICITAR
Resumo: TRAMITACION DE ACORDO CO INDICADO NA NORMATIVA URBANISTICA DE APLICACION
Entidad registral de destino/ 000008826 - Registro General de la Xunta de Galicia
Entidade rexistral de destino:
Unidad de tramitación de destino/ A12002995 - Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y
Justicia

No acompaña documentación física ni otros soportes/Non achega documentación física nin noutros soportes

Documentos anexos/Documentos anexos

Nombre/Nome	Validez/Validez	Tipo/Tipo
OFICIO MODIFICACION PUNTUAL DO PXOM.pdf	COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA	DOCUMENTO ADJUNTO

Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.

CVD: 11110619022009956442 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nombre/Nome	Validez/Validez	Tipo/Tipo
LS_MP_Normativa_DAE-2.pdf	COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA	DOCUMENTO ADJUNTO
LS_MP_Normativa_Avance-2.pdf	COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA	DOCUMENTO ADJUNTO

Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

OFICIO.

Primeiro.- O concello de Lousame conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado o 17 de xaneiro de 2005.

Segundo.- O concello de Lousame quere tramitar unha modificación puntual do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), a Número 1.

Terceiro.- Dispón o artigo 46.2.a) da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada os seguintes instrumentos de planeamento urbanístico as modificacións menores dos instrumentos de planeamento mencionados no punto 46.1.

Pola súa banda o artigo 60 da mencionada Lei sinala que o concello promotor trasladará a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica, un borrador do plan co contido necesario para a súa análise urbanística e o documento inicial estratéxico ao órgano ambiental, o cal comprobará, no prazo máximo dun mes, que aqueles inclúen os documentos exixibles e solicitará, na súa falta, que se acheguen os documentos preceptivos.

Polo que de acordo co exposto anteriormente, axuntase ao presente oficio, dous exemplares en formato impreso e dixital do documento: "Modificación Puntual Número 1 do PXOM: Modificación de varias cuestións normativas" e solicita a tramitación de acordo co indicado na normativa urbanística de aplicación.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa.

M^a Teresa Villaverde Pais.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Servizo de Avaliación Ambiental de plans e programas.

avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es

Teléfono: 981 957 672 / 981 541 733

Fax: 981 541 048

San Lázaro s/n.

15781

Santiago de Compostela



INFORME RESPONDA NA FASE DE CONSULTAS DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

ANTECEDENTES

A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, mediante correo electrónico de data 08/11/2019 comunicoulle á Axencia Galega de Infraestructuras a posta a disposición do borrador e o documento ambiental estratéxico do seguinte plan:

Nome do plan: Modificación puntual núm. 1 do Plan xeral de ordenación municipal: Modificación de varias cuestións normativas. Concello de Lousame
Promotor: Concello de Lousame
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Expediente: 2019AAE2403
Código web: 2269/2019

Co obxecto de sometelo a consultas, segundo establece o artigo 60.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establecendo o prazo para dita consulta ata o día 08/01/2020 e solicitando que se lle envíen as observacións e suxestións que considere oportunas en relación ós posibles efectos ambientais significativos do citado Plan.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio.

Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

ESTRADAS AFECTADAS

As estradas autonómicas que discorren no ámbito ao que se refire este Plan son as que se amosan na seguinte táboa:

Código	Denominación	Categoría
AC-308	Augasantas (Deput.) – Noia (AC-311)	S
AC-543	Vidán (Rotonda de Brandía) – Noia (AC-550)	PB
CG-1.5	Brión (AG-56) – Noia (AC-550)	VAC

INFORME

A finalidade da modificación é aclarar aspectos aclarar certos aspectos normativos insuficientemente desenvolvidos no PXOM, así como adaptar outros á lexislación vixente.

Anéxanse a este informe os criterios de ordenación e as distancias mínimas que, con carácter xeral, esta Axencia considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario.

Con carácter excepcional poderán admitirse reducións extraordinarias das distancias indicadas para as aliñacións de viario e de edificación, que afecten a solo urbano ou de núcleo rural, nos seguintes casos debidamente xustificadas:

- Para manter as fronteas consolidadas conformadas por un número significativo de edificacións.

2019AAE2403



Xacobeo 2021





- Para manter fóra delas as edificacións ou muros tradicionais, así coma outros elementos patrimoniais protexidos.

Na documentación presentada non se recollen as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica. A día de hoxe non hai servidumes acústicas declaradas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia. As estradas AC-308, AC-543 e CG-1.5 dadas a súa IMD, non foron incluídas na elaboración dos Mapas Estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios en aplicación da directiva comunitaria 2002/49/CEE. Deberán incluírse na parte normativa as seguintes limitacións de uso derivadas do ruído, co seguinte texto:

“Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal, a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento”.

Finalmente, o documento adaptárase á normativa sectorial indicada no apartado fundamentos xurídicos deste informe, e no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e aos proxectos sectoriais da rede viaria, aprobados por esta Axencia e que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente:
Sonia Sánchez Carbajales
Xefa do Servizo de Planificación

Asinado dixitalmente:
Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Planificación e Proxectos





INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LOUSAME, DE VARIAS CUESTIÓNNS NORMATIVAS, AOS EFECTOS DO TRÁMITE DE CONSULTAS PREVISTO NO ARTIGO 60.4 DA LEI DO SOLO DE GALICIA.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC), somete a consultas desta Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) a modificación referida, en virtude do artigo 60.4, en relación co 83.5, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 144.4 e 200.5 do seu regulamento aprobado por Decreto 143/2016 (RLSG).

Logo de analizar a documentación redactada polo arquitecto Isidro López Yáñez (Estudio Técnico Gallego S.A.) en outubro de 2019; e, vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, emítese o seguinte informe:

I. ANTECEDENTES

1. O Concello de Lousame conta cun Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 29/12/2004.
2. O órgano ambiental someteu esta modificación a consultas da DXOTU por resolución de data 8/11/2019. A documentación sobre a que se consulta está constituída por:
 - a) *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestiónns normativas. Memoria. Normativa.*
 - b) *Modificación puntual nº 1 do PXOM: modificación de varias cuestiónns normativas. Documento ambiental estratéxico.*

II. OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROXECTO

A modificación ten por obxecto aclarar certos aspectos normativos insuficientemente desenvolvidos no PXOM, así como adaptar outros a lexislación vixente. Nomeadamente:

- Revisión das ordenanzas xerais e modificación de aspectos na redacción de determinados artigos que inducen a confusión.
- Revisión das ordenanzas específicas ZR-1, ZR-2, NRC e NRNC coa finalidade de completar as súas determinacións.
- Adaptación do solo rústico á lei vixente.
- A adaptación de certos preceptos normativos á lexislación vixente.

O plan xeral vixente non delimita solo urbano e existen un total de seis ordenanzas no solo de núcleo rural, catro de tipo lucrativo, dúas de espazos libres e dúas de equipamentos.

As modificacións propostas son as seguintes:

- a) No capítulo 3.2 *Definicións* da normativa modifícanse 6, para completar o seu significado:





- Superficie edificada en planta: exclúe do cómputo da edificabilidade os espazos tellados abertos por tres dos seus lados.
 - Superficie total edificada, planta de soto, planta baixo cuberta e edificabilidade: para adaptalas ao RLSG.
 - Edificios fóra de ordenación: modifícase para especificar o tipo de obras a realizar nelas e a influencia no valor de expropiación.
- b) No artigo 3.3.1. *Condicións xerais de volume e hixiénicas* do capítulo 3.3 *Normas da edificación* da normativa modifícanse 13 puntos:
- Punto 2 *Medición de alturas*: a normativa vixente permite elevar 0,80 m a fachada por enriba da altura máxima permitida. Agora se pasa a 1,00 m.
 - Punto 3 *Construción por enriba da altura máxima sobre rasante*: na superficie útil do baixo cuberta enténdese non toda a de máis 1,5 m, senón só a accesible.
 - Punto 4 *Cubertas*: modifícase para admitir cubertas planas e suprímese o límite de 4 augas ou faldrons.
 - Punto 5 *Sotos e semisotos*: adáptase a definición ao punto 7 do anexo do RLSG.
 - Punto 7 *Planta baixa*: elimínase a altura mínima e a obriga de elevala 0,50 m sobre a rasante no caso de vivenda.
 - Punto 9 *Corpos voados abertos e pechados*: a altura dse medirá sobre a rasante do viario ou da beirarrúa e auméntase a lonxitude do beiril de 0,60 m a 0,80 m.
 - Punto 11 *Patios de parcela*: modificación non referida na memoria, substitúese a referencia ao Decreto 311/1992 pola da normativa de habitabilidade vixente en cada momento.
 - Punto 17 *Condicións dos locais*: modificación non referida na memoria, substitúese a fixación da superficie mínima de iluminación e do fondo máximo das pezas pola referencia á normativa de habitabilidade vixente en cada momento.
 - Punto 20 *Cerramentos*: elimínase a obriga de pechar todos os soares e límitase a altura dos valados de sebes, enreixados e de fábricas de pedra.
 - Punto 21 *Proteccións*: en balcóns, ventás, escaleiras,..., establécese a súa obrigatoriedade no caso en que exista unha altura libre de 60 cm.
 - Punto 27 *Aparcamentos obrigatorios*: elimínase a obriga de que as prazas de aparcadoiro a reservar obrigatoriamente o sexan "na edificación".
 - Punto 30 *Chafráns*: establécese un chafrán obrigatorio para os "peches" (valados) de parcela, ademais do da edificación que xa establece o plan xeral vixente.
 - Punto 31 *Edificación complementarias*: suprímese a obriga de separar este tipo de edificacións da edificación principal.
- c) No artigo 3.3.2 *Barreiras arquitectónicas e urbanísticas*, do capítulo 3.3. *Normas da edificación*, modificación non referida na memoria, substitúese a referencia e cita parcial da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, pola referencia xenérica á normativa de accesibilidade vixente en cada momento.





d) Artigo 3.3.3. *Condicións xerais de uso*, do capítulo 3.3. *Normas da edificación*:

- Punto 3.3.3.2 *Uso industrial*: suprimense as referencias ás situacións en planta piso de edificio de vivendas e patio de couzada ou parcelas interiores, por considerarse inexistentes, e redúcense as restricións (superficies e potencias máximas, superficies mínimas de iluminación e volumes mínimos por traballador) todo co fin de facilitar a implantación de usos industriais.
- Punto 3.3.3.3 *Uso comercial*: redúcense as restricións (volume mínimo por posto de traballo, altura mínima dos locais, superficies mínimas de iluminación e ventilación,...) para facilitar a implantación do uso, sobre todo en locais existentes.
- Punto 3.3.3.4 *Uso administrativo e de oficinas*: inclúense na categoría 1ª as oficinas na vivenda do titular, e redúcese a superficie mínima de iluminación esixible.
- Punto 3.3.3.6 *Uso garaxe-aparcamento e servizos do automóbil*: concréntanse as condicións da categoría 3ª, sinalando unha superficie e altura máximas (30 m² e 3,5 m) e o seu carácter de obra menor.
- Punto 3.3.3.7 *Uso sanitario-asistencial*: elimínase o límite de 150 m² para a categoría 2ª, e, sen mención na memoria, introdúcese na categoría 1ª o uso de crematorio e créase unha nova categoría 3ª de asistencial residencial, vivenda de emerxencia, asistencia a persoas sen fogar, etc.
- Punto 3.3.3.8 *Uso educativo ou docente*: claréxanse os límites entre categorías en canto a capacidade e superficie construída.
- Punto 3.3.3.9 *Uso socio-cultural e recreativo*: claréxanse os límites entre categorías en canto a capacidade e superficie construída.
- Punto 3.3.3.13 *Uso agropecuario, forestal e extractivo*: na categoría 1ª contéplanse as construcións de non máis de 50 m² en total, que terán unha altura máxima 3,5 m e a consideración de obra menor.

e) No artigo 3.3.4 *Condicións tipolóxicas das construcións*, do capítulo 3.3. *Condicións xerais da edificación*, modifícanse os seguintes 3 puntos, co alcance que se indica:

- Punto 3.3.4.2. *Paramentos exteriores*: modifícase, sen indicación ao respecto na memoria, certos detalles dos acabados de fachadas e cubertas, dando un tratamento diferenciado ás cubertas das construcións auxiliares.
- Punto 3.3.4.3 *Paramentos interiores*: elimínase a regulación das dimensións do oco central das escaleiras.
- Punto 3.3.4.4. *Edificacións complementarias*: inclúese unha nova letra e) que sinala que se considerarán como obra menor as edificacións complementarias de ata 25 m² en solo rústico e ata 30 m² en solo de núcleo rural.

f) Artigo 3.4.1. *Normativa de sistemas xerais*, do capítulo 3.4 *Normas de ordenación*:

- Punto 3.4.1.1. *Redes de estradas*: actualízase a denominación da estrada Aguasantas-Noia.
- Punto 3.4.1.2 *Redes de enerxía eléctrica*: modifícase o punto c) sobre tendidos aéreos en solo de núcleo rural, eliminando a obriga da súa retirada en 5 anos, e elimínase a previsión do soterramento das novas liñas de alta tensión.





- Punto 3.4.1.3 *Sistema xeral de equipamentos*: no punto 2 introdúcese, sen mención expresa na memoria, a posibilidade en edificacións existentes de admitir de xeito excepcional o uso residencial para vivenda suxeita a algún réxime de protección.
 - Punto 3.4.1.3 *Sistema xeral de equipamentos*: no punto 4 claréxase a ocupación permitida e, aspecto non expresado na memoria, elimínase a parcela mínima.
- g) No artigo 3.5 *Disposicións legais a ter con conta para as obras de edificación e urbanización*, modifícase, sen indicación na memoria, o punto 1º, substituíndo a referencia á Lei 9/2002 pola de lei do solo de Galicia vixente en cada momento.
- h) No artigo 5.1.1. *Determinacións aplicables a todos os núcleos rurais* do capítulo 5.1 *Ordenanzas aplicables ao solo de núcleos rurais*, modifícanse os puntos 1.4 a 1.6, relativos á regulación dos plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, cambiando a unha regulación máis xenérica de plans especiais, prevendo a posibilidade da súa formulación por particulares.
- i) No artigo 5.1.2.1. *Ordenanza de edificación residencial nas áreas centrais (ZR-1)* (dentro do punto 5.1.2 *Ordenanzas específicas en solo de núcleos rurais de maior diversidade (NR-1)*) modifícanse os seguintes puntos, co alcance que se indica:
- Elimínase o criterio de medición das alturas desde a rasante da rúa.
 - Elimínase a obriga de acceso común mediante viario de servizo nas edificacións encostadas.
 - Permítense as cubertas planas.
 - Remítense as condicións non expresadas ao artigo 3.3.4, sen mención na memoria.
 - Introdúcese unha letra d) no punto 6.1 da ordenanza, sobre as explotacións agropecuarias existentes á entrada en vigor da Lei 9/2002, que reproduce substancialmente o contido da disposición transitoria 11ª desa lei.
- j) No artigo 5.1.2.2. *Ordenanza de edificación residencial en áreas de expansión (ZR-2)* (dentro do punto 5.1.2 *Ordenanzas específicas en solo de núcleos rurais de maior diversidade (NR-1)*) modifícanse os seguintes puntos, co alcance que se indica:
- Establécese a pendente máxima en 40º e permítense as cubertas planas.
 - Introdúcese unha letra d) no punto 4.1 da ordenanza, sobre as explotacións agropecuarias existentes á entrada en vigor da Lei 9/2002, que reproduce substancialmente o contido da disposición transitoria 11ª desa lei.
 - Na letra a) do punto 4.3 *Usos prohibidos* inclúese a posibilidade do emprego doutros materiais cando a calidade arquitectónica da edificación o xustifique.
 - Na letra h) do punto 4.3 *Usos prohibidos*, relativa aos usos impropios do asentamento, exclúense expresamente da prohibición os crematorios.
 - No punto 5 Outras condicións esténdense as condicións de integración ambiental a todas as construcións e non só ás novas como fai o plan vixente.
- k) No artigo 5.1.2.3. *Ordenanza de zonas verdes e espazos libres* (dentro do punto 5.1.2 *Ordenanzas específicas en solo de núcleos rurais de maior diversidade (NR-1)*) elimínase a prohibición de edificacións permanentes e establécense as condicións





para as que se permiten, que poden ser calquera cunha ocupación de ata o 15% da superficie total da zona onde se sitúen.

- l) No artigo 5.1.2.4 *Ordenanza de equipamentos (ZE)* (dentro do punto 5.1.2 *Ordenanzas específicas en solo de núcleos rurais de maior diversidade (NR-1)*): amplíanse os usos compatíbles nas escolas unitarias, que inclúen agora o asistencial en categoría 3ª (vivendas sociais segundo a memoria).
- m) No artigo 5.1.3.1. *Normas para a zona de edificación residencial nas áreas consolidadas pola edificación (NRC)* (dentro do punto 5.1.3 *Normas específicas para o solo do resto dos núcleos rurais (NR-2)*) modifícanse os seguintes puntos:
- Elimínase o recuado frontal obrigatorio de 3 m a lindeiro.
 - Pendente máxima de cuberta de 40º e permítense as cubertas planas.
 - No punto 4 *Outras condicións* esténdense as condicións de integración ambiental a todas as construcións e non só ás novas como fai o plan vixente.
 - Introdúcese unha letra d) no punto 6.1 da ordenanza, sobre as explotacións agropecuarias existentes á entrada en vigor da Lei 9/2002, que reproduce substancialmente o contido da disposición transitoria 11ª desa lei.
- n) No artigo 5.1.3.2. *Normas para a zona de edificación residencial nas áreas non consolidadas pola edificación (NRNC)* (dentro do punto 5.1.3 *Normas específicas para o solo do resto dos núcleos rurais (NR-2)*) modifícanse os seguintes puntos:
- Permítense as cubertas planas.
 - No punto 4 *Outras condicións* esténdense as condicións de integración ambiental a todas as construcións e non só ás novas, aspecto non mencionado na memoria.
 - Introdúcese unha letra d) no punto 6.1 da ordenanza, sobre as explotacións agropecuarias existentes á entrada en vigor da Lei 9/2002, que reproduce substancialmente o contido da disposición transitoria 11ª desa lei.
 - Na letra a) do punto 6.3 *Usos prohibidos* inclúese a posibilidade do emprego doutros materiais cando a calidade arquitectónica da edificación o xustifique.
 - Na letra h) do punto 6.3 *Usos prohibidos*, relativa aos usos impropios do asentamento, exclúense expresamente da prohibición os crematorios.
- o) No artigo 5.3. *Normas para o solo rústico* substitúese a súa regulación detallada pola remisión directa á "lei vixente de solo de Galicia en cada momento".

III. INFORME

1. Razóns de interese público da modificación (artigo 83.1 da LSG).

O obxecto da modificación é aclarar certos aspectos normativos insuficientemente desenvolvidos no plan xeral, así como adaptar outros á lexislación vixente, o que pode ser acollido como razón de interese público para a modificación da normativa do plan.

2. Cuestión xeral: As modificacións propostas inciden en numerosos preceptos do plan xeral reguladores das condicións de uso e edificación, en particular nas ordenanzas de





solo de núcleo rural, que se van expoñendo e, nalgúns casos, xustificando, de forma illada na memoria. Dado o efecto acumulado de todas as odificacións na ordenación resultante, cómpre xustificala no marco da análise do modelo de asentamento poboacional en relación coas tipoloxías dominantes nos núcleos (tipo de edificacións, usos, sistemas, construtivos, materiais, alturas e outros, conforme ao artigo 138 do RLSG).

3. Modificacións propostas no capítulo 3.2 *Definicións* da normativa do plan xeral.

- a) A modificación da definición da superficie edificada en planta non pode excluír do cómputo de edificabilidade os espazos tellados abertos por tres dos seus lados, que deben computarse ao 50% da súa superficie, como preceptúa o artº 64.5.a) do RLSG.
- b) A definición dos edificios fóra de ordenación adáptase ao artigo 90 da LSG, pero non recolle a totalidade da regulación establecida no artigo 205 do RLSG. Cómpre sinalar que, desde un punto de vista da sistemática, a regulación das obras posibles nestas construcións sería recomendable facela fóra do capítulo de definicións.

4. Modificacións propostas no artigo 3.3.1. *Condicións xerais de volume e hixiénicas* do capítulo 3.3 *Normas da edificación* da normativa.

- a) A modificación do punto 3 *Construción por enriba da altura máxima* sobre rasante, debe entenderse como computable para o cálculo da superficie edificada toda aquela que teña a altura libre mínima indicada no plan, sen exclusións.
- b) Harmonizarase o contido dos artigos 3.2 (definicións) e 3.3.1.5º (condicións xerais de volume) para os conceptos de soto e semisoto, en relación co Anexo I do RLSG.
- c) A modificación do punto 9 *Corpos voados abertos e pechados* xustificárase no marco da análise do modelo de asentamento en relación coas tipoloxías dominantes.
- d) A modificación do punto 3 *Chafráns* incluírá uns gráficos corrixidos onde o círculo de 3,5 m de radio sexa representado como tal, e non como un octógono.

5. Modificacións propostas no artigo 3.3.3. *Condicións xerais de uso* do capítulo 3.3 *Normas da edificación* da normativa.

- a) Existe un erro no derradeiro parágrafo do punto 3.3.3.2 (2.A) *Categorías* (dentro da regulación do uso industrial), que onde pon "depuradoras, etc., ao servizo da propiedade industrial,..." debe poñer "depuradoras, etc., ao servizo da propia actividade industrial..." para gardar relación co obxecto da modificación.
- b) No punto 3.3.3.6 (dentro da regulación do uso garaxe-aparcamento e servizos do automóbil) a categoría 3ª inclúe o garaxe-aparcamento en edificio exclusivo, ata 30 m² e 3,5 m de altura máxima, dándolle o carácter de obra menor (ao contrario que o indicado na memoria, que a sinala como obra maior) que non e axusta ao punto 9.a) do Anexo I do RLSG, que sinala que as obras menores non poden alterar o volume nin afectar ao deseño exterior dos edificios e instalacións de toda clase.
- c) No punto 3.3.3.7 (regulador do uso sanitario-asistencial): o uso de vivenda non se adecúa á definición do uso sanitario do anexo I do RLSG, polo que cómpre corrixir.
- d) No punto 3.3.3.13 (regulador do uso agropecuario, forestal e extractivo) corrixírase o erro na primeira liña do punto 2, que debe facer referencia a que existen tres categorías e non dúas.





6. Modificacións propostas no artigo 3.3.4. *Condicións tipolóxicas das construcións do capítulo 3.3 Normas da edificación da normativa.*

A modificación do punto 3.3.4.4 (relativo ás edificacións complementarias) dá o carácter de obra menor a novas construcións, en contra do punto 9.a) do Anexo I do RLSG, que sinala que as obras menores non poden alterar o volume nin afectar ao deseño exterior dos edificios. Tampouco semella xustificado establecer superficies diferentes para a consideración de obras como menores en distintas clases de solo.

7. Modificacións propostas no artigo 3.4.1. *Normativa de sistemas xerais, do capítulo 3.4 Normas de ordenación.*

a) A modificación do punto 3.4.1.2 (relativo ás redes de enerxía eléctrica) vulnera o artigo 40,2.b) do RLSG, porque exclúe as liñas de alta tensión da prohibición dos novos tendidos aéreos, sen explicación en relación á normativa sectorial aplicable.

b) A modificación do punto 3.4.1.3 *Sistema xeral de equipamentos* supón a introdución do uso residencial no sistema xeral de equipamento, o que non se corresponde cos posibles dentro do uso dotacional de equipamento (punto 3 do anexo I do RLSG).

c) Cómpre actualizar a referencia ao artigo 47.4 da Lei 9/2002 no punto 4 do apartado 3.4.1.3 *Sistema xeral de equipamentos*, pola do artigo concordante da LSG.

8. Modificacións propostas no artigo 5.1.1. *Determinacións aplicables a todos os núcleos rurais do capítulo 5.1 Ordenanzas aplicables ao solo de núcleos rurais.*

Cómpre sinalar no punto 1.6 que a posibilidade de formular plans especiais por particulares está restrinxida aos lexitimados para facelo (artigo 74 da LSG) que, en solo de núcleo rural son os que se redacten en desenvolvemento do PXOM (artigo 160.1 RLSG).

9. Modificacións propostas no artigo 5.1.2 *Ordenanzas específicas en solo de núcleos rurais de maior diversidade (NR-1)* (ordenanzas ZR-1 e ZR-2) e 5.1.3 *Normas específicas para o solo do resto dos núcleos rurais (NR-2)* (zonas NRC e NRNC).

a) Nas ordenanzas de solo de núcleo rural introdúcese un tratamento das explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes a 01/01/2003 consistente na reprodución substancial, sen citala, da disposición transitoria 11ª da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, hoxe derogada. O réxime aplicable é o dado pola disposición transitoria 3ª do RLSG.

b) Na letra h) do punto 4.3 *Usos prohibidos* da ordenanza ZR-2 e na letra h) do punto 6.3 *Usos prohibidos* da norma NRNC, dos usos impropios do asentamento exclúense os crematorios. Cómpre xustificar que responde aos tradicionais dos núcleos rurais e que está vinculado ás necesidades da poboación residente. Asemade, e de acordo co proxecto de modificación do decreto de sanidade mortuoria de Galicia exposto ao público en 2019, será incompatible cos núcleos residenciais. A regulación dos usos permitidos nos núcleos rurais suxeitarase á normativa sectorial aplicable.

c) No artigo 5.1.2.3 *Ordenanza de zonas verdes e espazos libres* a regulación adaptárase ao establecido no artigo 70.7 do RLSG para os espazos libres e zonas verdes públicos.

d) No artigo 5.1.2.4 *Ordenanza de equipamentos (ZE)*: cómpre corrixir a numeración do título (debe ser 5.1.2.4 e non 5.1.2.3) e eliminar os usos residenciais como consecuencia do sinalado no punto 6.b) anterior.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Ordenación do
Territorio e Urbanismo

Edificio Admtvo.de San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.xunta.gal/cmatv

galicia

PTU AC 19 125
LOUSAME (A CORUÑA)
MP PXOM 1 NORMATIVA
Consultas art. 60.4 LSG
Páxina 8 de 8

10. Tramitación da modificación.

Para a tramitación da modificación estarase ao procedemento establecido nos artigos 60.4 da LSG e 144 do RLSG.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Mª Encarnación Rivas Díaz

(asinado dixitalmente á marxe)



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.iet@xunta.gal
<http://mapas.xunta.gal>



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



Expediente IET: P-19-610.

Plan ou programa: Modificación puntual nº1 do
PXOM: Modificación de varias cuestións normativas
Concello: Lousame (A Coruña).

Promotor: Concello de Lousame.

Expediente DXCACC: 2019AAE2403.

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA SIMPLIFICADA

Con data do 08/11/2018, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratéxico do plan ou programa referido no encabezamento, no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Marco legal:

De acordo co artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano ambiental debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan ou programa que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe, que se exercen de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

2. Descrición do plan ou programa e contido da documentación:

A modificación puntual ten por obxecto revisar as ordenanzas xerais e modificar aspectos na redacción de determinados artigos que inducen a certa confusión: revisión das ordenanzas específicas NR-1 e NR-2, adaptación do solo rústico a Lei 2/2016 do solo de Galicia e revisión de certos artigos para adaptalos á lexislación vixente. A modificación non muda a delimitación dos núcleos nin das categorías de solo recollidas na ordenación vixente.

Nin o borrador nin documento ambiental estratéxico inclúen un apartado específico dedicado á paisaxe. Unicamente se indica no DAE que a repercusión da modificación na paisaxe rural e nos asentamentos é considerada positiva.



Xacobeo 2021

3. Análise da incidencia do plan ou programa sobre a paisaxe:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o concello de Lousame localízase na grande área paisaxística Rías Baixas, na comarca paisaxística de Muros. Ao norte do concello atópase a área de especial interese paisaxístico San Xusto, identificada no catálogo, e dous miradoiros: o miradoiro de Monte Calou ao norte do concello e o miradoiro da Muralla no extremo leste.

O termo municipal de Lousame atópase na zona interior da ría de Muros e Noia e está atravesado no extremo norte pola estrada CG-1.5. A orografía do concello presenta un relevo abrupto e fortes contrastes entre as zonas de val e as estribacións montañosas, como son o Monte da Muralla ao leste e o inicio da Serra do Barbanza no extremo oeste, onde atopamos o fito paisaxístico Monte Iroite. Os núcleos de poboación localízanse nas zonas agrícolas de val e nas cotas máis altas aparecen plantacións forestais de piñeiro e eucalipto.

A maioría das determinacións non terán incidencia paisaxística, pois implican unicamente unha aclaración de termos, disposicións que quedaban pouco claras na anterior redacción ou un axuste de determinadas disposicións. Sen embargo algunhas das determinacións que se modifican poden supoñer cambios na paisaxe resultante, respecto da paisaxe que resultaría caso de aplicar as determinacións vixentes. Nalgúns casos estes cambios poder resultar positivos para a paisaxe, como a eliminación da obriga de pechar a totalidade dos soares, debido as condicións do contorno do solo urbano de Lousame, de estrutura eminentemente rural. Sen embargo, outras determinacións poden provocar impactos sobre a paisaxe, como é o caso de:

- Na determinación 20, no referido ao cambio na altura na para os peches, para o caso dos cerramentos enreixados, valados metálicos ou fábrica de pedra, unha altura de 2 metros semella excesiva, polo que recoméndase unha altura máxima de 1,50. Ademais a modificación puntual deberá recoller as condicións necesarias para os peches tendo presente a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*, documento elaborado por esta consellería e dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.
- En xeral, na revisión das ordenanzas específicas en núcleo rural NR-1 e NR-2, e concretamente nas modificacións das condicións tipolóxicas das construcións (artigo 3.3.4), dos parámetros das edificacións, resulta aconsellable consultar as recomendacións da *Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais* e a *Guía de cor e materiais* da Grande Área Paisaxística Rías Baixas, documentos elaborados por esta consellería e dispoñibles na páxina web da Xunta de Galicia.
- Para o caso das modificacións das liñas de peche, do emprazamento das edificacións complementarias e da ordenanza de edificación residencial nas áreas centrais ZR1 (5.1.2.1) onde se permite que as edificacións exentas e pareadas poderán situarse libremente na parcela, a regulación do posicionamento das edificacións nos núcleos de acordo cos patróns existentes na arquitectura tradicional (paralelismo respecto á vía pública e igual distancia ao linde) favorece unha imaxe máis homoxénea, acorde coas características morfolóxicas dos núcleos rurais e, polo tanto, a eliminación destas condicións poderá comportar unha incidencia paisaxística negativa. Para tal fin resulta aconsellable consultar as recomendacións da *Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais* que pode descargarse na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.iet@xunta.gal
<http://mapas.xunta.gal>



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



4. Conclusión:

Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que a modificación puntual nº1 do PXOM para a modificación de varias cuestións normativas, non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas anteriormente.

Cómpre lembrar que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 (modificado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), e tendo en conta o disposto no artigo 83.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a modificación, tras a súa aprobación inicial, deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
Alfredo Fernández Ríos

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Guillermo Evia Pérez

(Documento asinado electronicamente)



Xacobeo 2021



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL: MODIFICACIÓN DE VARIAS CUESTIÓN NORMATIVAS, CONCELLO DE LOUSAME.

Promotor: Concello de Lousame

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación del Territorio e Urbanismo

Expediente: 2019AAE2403

Código web: 2269/2019

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O concello de Lousame conta cun Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 29.12.2004.
2. O día 07.11.2019 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello de Lousame no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual núm. 1 do Plan xeral de ordenación municipal: modificación de varias cuestións normativas*, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 08.11.2019 esta Dirección Xeral iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico por un prazo de dous meses, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica. Ao mesmo tempo, consultouse á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o regulamento da dita Lei do solo, e mediante Orde do 10 de outubro de 2019 aprobáronse as Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.
2. Segundo o artigo 46.2.a) da LSG, as modificacións menores dos plans xerais de ordenación municipal deben someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
3. De acordo co artigo 31.2 da Lei 21/2013, o órgano ambiental -tras consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas- emitirá o informe ambiental estratéxico.
4. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).





CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación

Ámbito: normativa do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do concello de Lousame, concretamente os artigos: 3.2., 3.3.1., 3.3.2., 3.3.3.1., 3.3.3.2., 3.3.3.3., 3.3.3.4., 3.3.3.6., 3.3.3.7., 3.3.3.8., 3.3.3.9., 3.3.3.13., 3.3.4.2., 3.3.4.3., 3.3.4.4., 3.4.1.1., 3.4.1.2., 3.4.1.3., 3.5., 5.1.1., 5.1.2.1., 5.1.2.2., 5.1.2.3., 5.1.2.4., 5.1.3.1., 5.1.3.2 e 5.3.

Obxecto: aclarar certos aspectos normativos insuficientemente desenvolvidos no PXOM do concello de Lousame, así como adaptar outros á lexislación vixente.

Proposta: Con esta modificación se propón:

- A revisión das ordenanzas xerais en aspectos que inducen a confusión. Complétanse e actualízanse algunhas das definicións; modifícanse as normas de edificación sobre as condicións de volume, usos e tipoloxías das construcións; e revísase a parte das normas de ordenación referidas ás redes de enerxía eléctrica e aos equipamentos.
- A revisión da normativa específica do solo de núcleo rural, incluíndo as determinacións para a formulación de plans especiais, os parámetros de edificación (parcela mínima, aliñacións, ocupación, edificabilidade, altura máxima, ou pendente máxima da cuberta) e os usos permitidos, tanto nos núcleos denominados de maior diversidade NR-1 (ordenanzas ZR-1, ZR-2, de equipamentos e de zonas verdes) como no resto dos núcleos rurais NR-2.
- A adaptación do solo rústico á LSG vixente.
- A actualización de certos preceptos normativos derogados ou modificados pola lexislación vixente.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O concello de Lousame ten unha superficie 93,65 km² e sitúase na comarca de Noia e no suroeste da provincia da Coruña. Conta cunha poboación de 3.338 habitantes, distribuídos en 75 entidades pertencentes a 7 parroquias. Ten unha dinámica demográfica decrecente e a principal actividade económica é o sector servizos, seguido da industria, a construción e a agricultura (IGE, 2019).

Respecto dos riscos, trátase dun concello declarado Zona de alto risco de incendio (ZAR) segundo o *Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* (PLADIGA2019), contando cunha parroquia de alta actividade incendiaria (Tállara).

En relación á paisaxe enmárcase na grande área paisaxística de "Rías baixas" e nas comarcas paisaxísticas de "Muros" e "Arousa-Baixo Ulla" segundo o *Catálogo de Paisaxes de Galicia*, presentando a área de especial interese paisaxístico (AEIP) "San Xusto" na marxe setentrional.

As canles fluviais máis relevantes que discorren polo seu territorio son as do río de San Xusto, o río Vilacoba ou Manlle, o río Pesqueira ou de Rabaceiros, e o rego Tallara.

En canto aos valores naturais, o PXOM clasifica como solo rústico de especial protección de espazos naturais un enclave vinculado ao Castelo de San Mamede (GA15042005) -asentamento medieval fortificado- polos seus valores a nivel local. Non existen outros espazos naturais protexidos nin pertencentes á Rede Natura 2000 de Galicia.

Así mesmo, existe un ben de interese cultural no concello de Lousame: o "Mosteiro de San Xusto de Toxosoutos", así como 12 elementos arqueolóxicos.





Sobre a mobilidade, polo norte do termo municipal discorre a vía de altas prestacións CG-1.5, que conecta a autovía AG-56 (Santiago de Compostela-Brion) coa estrada AC-550 (Cee-Ribeira). Do mesmo xeito, o ámbito é atravesado na zona central pola estrada AC-308 e no oeste pola DP-1105.

Respecto doutras afeccións sectoriais, gran parte do concello conta con montes veciñais e foi obxecto de procesos de concentración parcelaria. Tamén está afectado polo Plan Eólico de Galicia que define no municipio a área de desenvolvemento eólico de Monte Treito.

3. Período de consultas previas

Recibíronse suxestións da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do Instituto de Estudos do Territorio e da Axencia Galega de Infraestruturas, cuxas observacións deberán integrarse na proposta de modificación, para o cal se remiten os textos íntegros recibidos.

Tamén se recibiu informe da Dirección Xeral de Mobilidade e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, que non fan observacións á proposta.

Resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Indica que o obxecto da modificación pode ser acollido como razón de interese público.

Salienta que as modificacións propostas inciden en numerosos preceptos do plan xeral reguladores das condicións de uso e edificación, en particular nas ordenanzas de solo de núcleo rural, que se van expoñendo e, nalgúns casos, xustificando, de forma illada na memoria. Dado o efecto acumulado de todas as modificacións na ordenación resultante, solicita xustificala no marco da análise do modelo de asentamento poboacional en relación coas tipoloxías dominantes nos núcleos.

Tamén fai observacións, suxestións, aclaracións e correccións aos cambios propostos, de acordo co establecido na lexislación urbanística.

Respecto á tramitación, sinala que se estará ao disposto no procedemento establecido nos artigos 60.4 da LSG e 144 do seu regulamento.

Instituto de Estudos do Territorio

Informa que no concello se atopan a área de especial interese paisaxístico "San Xusto" e os miradoiros de Monte Calou ao norte e o da Muralla no extremo leste. Engade que o termo municipal se atopa na zona interior da ría de Muros e Noia, e que o seu relevo presente fortes contrastes, salientando o fito paisaxístico do Monte Iroite.

Sobre a proposta, indica que a maioría das determinacións non terán incidencia paisaxística, se ben algunhas modificacións poden supoñer cambios na paisaxe resultante, supoñendo nalgúns casos incidencias positivas, como a proposta da eliminación da obriga de pechar a totalidade dos soares. Porén, sinala que outras poden provocar impactos sobre a paisaxe, mencionando as seguintes:

- Considera excesivo que os peches poidan acadar os 2 metros de altura nalgúns casos, para o que recomenda unha altura máxima de 1,5 metros, engadindo que o documento deberá recoller as condicións da *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*.
- Para a revisión das ordenanzas de núcleo rural NR-1 e NR-2 sobre as condicións tipolóxicas, os parámetros edificatorios, as modificacións das liñas de peche e o emprazamento das construcións, aconsella consultar a *Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais* e a *Guía de cor e materiais* da Grande Área Paisaxística Rías Baixas. Neste senso, advirte que a eliminación de certas condicións de posicionamento das edificacións de acordo cos patróns existentes na arquitectura tradicional pode provocar unha incidencia paisaxística negativa, dificultando a obtención dunha imaxe homoxénea.





Conclúe que a modificación non provocará un impacto significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas anteriormente.

Axencia Galega de Infraestruturas

Indica que as estradas autonómicas que discorren no ámbito son: AC-308 Augasantas (Deput.)-Noria (AC-311), AC-543 Vidán (Rotonda de Brandía)-Noia (AC-550) e CG-1.5 Brión (AG-56)-Noia (AC-550).

Anexa ao informe os criterios de ordenación e as distancias mínimas que, con carácter xeral, considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario.

Informa que con carácter excepcional poderán admitirse reducións extraordinarias das distancias indicadas para as aliñacións de viario e de edificación, que afecten a solo urbano ou de núcleo rural, citando os casos que se consideran debidamente xustificadas.

Respecto ás afeccións acústicas, sinala que na parte normativa se deberán incluír limitacións de uso derivadas do ruído, recollendo o texto que se deberá incorporar.

Por último, incide en que o documento debe adaptarse á lexislación citada no informe, e no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e aos proxectos sectoriais da rede viaria, aprobados por esa Axencia e que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta modificación preténdese introducir cambios na normativa do PXOM de Lousame, que afectan, entre outros, a definicións, normas de edificación, e a determinacións aplicables aos distintos tipos de núcleos rurais.

Estímase que, se ben gran parte dos cambios introducidos son aclaracións ou adaptacións á lexislación vixente que non comportan efectos sobre o medio ambiente.

Por unha banda, inclúense modificacións como a exclusión dos espazos tellados abertos por tres dos seus lados no cómputo da superficie edificada (apartado 3.2), a eliminación da prohibición de implantar edificacións permanentes nos espazos libres das áreas de expansión ZR2 (punto 5.1.2.2), ou a inclusión das ampliacións como obras permitidas nas construcións non compatibles co planeamento (punto 3.2) sen recoller máis limitacións ao respecto. Neste senso, considérase que estas medidas poderían comportar o incremento da ocupación do territorio nestas áreas.

En relación á paisaxe, nos apartados 3.2, 3.3.1, 3.3.4 e 3.4.1 modifícanse algunhas condicións de volume e aparencia das edificacións, permitíndose o acaroamento das construcións complementarias ás principais e rebaixando certas restricións dos materiais a empregar. Cómpre salientar a posibilidade de que os muros de fábrica de pedra poidan chegar aos 2 metros, a supresión da obriga de soterrar os tendidos de liñas eléctricas de media e alta tensión nos núcleos de poboación, así como a eliminación da prohibición das cubertas planas, o que podería ter incidencias na calidade visual e na imaxe de conxunto dos asentamentos.

Noutro eido, nas ordenanzas particulares ZR-2 e NRCN exceptúanse expresamente os crematorios dentro dos usos prohibidos, o que podería repercutir nesas áreas residenciais, especialmente en canto ás emisións á atmosfera asociadas.

Non obstante, tendo en conta a natureza normativa da proposta e que non supón variacións na clasificación do solo, non se espera que se produzan efectos ambientais significativos derivados desta modificación, se ben deberanse incorporar as medidas recollidas nos informes de consultas da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e do Instituto de Estudos do Territorio.





PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do *Modificación puntual núm. 1 do Plan xeral de ordenación municipal: modificación de varias cuestións normativas, concello de Lousame*, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Margarita Segade Castro

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Mónica Pérez Medina

Subdirectora Xeral de Avaliación Ambiental

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación puntual núm. 1 do Plan xeral de ordenación municipal: modificación de varias cuestións normativas, concello de Lousame***. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integrase no planeamento a determinación que se indica na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal>); remitirase ao Concello de Lousame, xunto á copia das observacións recibidas na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación da modificación.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a modificación no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Cruz Ferreira Costa

Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<https://cmatv.xunta.gal>
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal



Concello de Lousame

Porto Bravo Nº 1-A

15214 Porto Bravo (A Coruña)

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. REMISIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Nome do plan: Modificación puntual núm. 1 do Plan xeral de ordenación municipal: modificación de varias cuestións normativas

Promotor: Concello de Lousame

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2019AAE2403

Código web: 2269/2019

Achégolle Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo á Modificación puntual núm. 1 do Plan xeral de ordenación municipal: modificación de varias cuestións normativas, concello de Lousame (A Coruña).

Os comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador da Modificación pódense descargar na ligazón:

<http://descargas.xunta.es/3f4a9e67-c5f2-4ba7-a7c3-f6eb688cf2a41582894010846>

e corresponden aos seguintes organismos:

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Instituto de Estudos do Territorio
- Axencia Galega de Infraestruturas

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Margarita Segade Castro



Xacobeo 2021

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 28 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe ambiental estratéxico da modificación puntual número 1 do Plan xeral de ordenación municipal: modificación de varias cuestións normativas no concello de Lousame (expediente 2019AAE2403; código 2269/2019).

De acordo co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, faise público o Informe ambiental estratéxico, do 28 de febreiro de 2020, sobre a modificación puntual número 1 do Plan xeral de ordenación municipal: modificación de varias cuestións normativas no concello de Lousame.

Este informe ambiental estratéxico pódese consultar no seguinte enderezo da internet: <https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2020

María Cruz Ferreira Costa
Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

CVE-DOG: 908zx7k2-irm5-azh2-6kc2-hbdgkau7u1y9

